

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*ORDE do 1 de xuño de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria.*

A existencia de liñas e outras instalacións eléctricas aéreas de alta e baixa tensión en zonas poboadas xera unha crecente preocupación social polo seu impacto ambiental e sobre a seguranza pública, aspectos que afectan a calidade de vida dos cidadáns.

O Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, atribúe á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas as competencias en materia de execución de programas para a mellora das infraestruturas e da calidade da subministración eléctrica.

En virtude da devandita competencia, é responsabilidade da Consellería de Economía e Industria apoiar as actuacións que teñen como finalidade a adecuación e mellora das infraestruturas eléctricas de alta e baixa tensión, así como apoiar as corporacións locais para que poidan acometer este tipo de proxectos, os cales sen este apoio por parte da Administración autonómica non se poderían levar a cabo debido á situación económica actual.

Trátase de apoiar actuacións de soterramentos, recuamentos e outras accións dirixidas á adecuación de infraestruturas eléctricas xa existentes que, debido ao desenvolvemento urbano dos concellos en que se atopan, precisan da súa adaptación a estes plans urbanísticos promovidos polas propias corporacións locais. Estas actuacións supoñen unha serie de beneficios de orde social, eliminación do impacto paisaxístico, maior calidade de vida, mellora das súas características técnicas e, como consecuencia, unha mellora da calidade da subministración eléctrica, que contribúen ao desenvolvemento rexional da nosa Comunidade Autónoma.

Por todo isto convócase esta liña de axudas, en réxime de concorrència competitiva, que ten como obxecto o apoio a actuacións de recuamento e soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia.

O desenvolvemento desta orde axustarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

*Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases (anexo I) polas que se rexerán as concesións das subvencións da Consellería de Economía e Industria para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións conforme as bases reguladoras aprobadas nesta orde para o ano 2012.

*Artigo 2. Crédito orzamentario*

As subvencións outórganse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2012, de acordo coa seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Importe (€)
	2012
08.04.-733A.760.0	1.623.557,90

A procedencia dos fondos correspondentes ás achegas concedidas pola Consellería de Economía e Industria para o 2012 na aplicación 08.04.733A.760.0 é a seguinte:

Fondos Feder 80%. Fondos FCI que cofinancian 20%.

Resultando de aplicación o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1783/1999, o Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999, e o Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

O crédito dispoñible poderase aumentar conforme o establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de atender un maior número de solicitudes. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a presente convocatoria, e non suporá a apertura dun novo prazo de presentación de novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

### Artigo 3. *Solicitudes*

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse a solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II, III e IV desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 6 das bases reguladoras.

### Artigo 4. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

O formulario da solicitude, correspondente co modelo normalizado IN619A que se publica como anexos II e III a esta orde e a declaración expresa do solicitante que se publica como anexo IV estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), para a súa tramitación electrónica completa.

Para a presentación na sede electrónica do devandito formulario e da declaración responsable admitiranse o DNI electrónico ou calquera outro sistema de sinatura electrónica aceptado pola sede do solicitante ou representante legal.

Para a tramitación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao correo electrónico [cei.dxiem.axudassoterramentos@xunta.es](mailto:cei.dxiem.axudassoterramentos@xunta.es)

O formulario de solicitude e a declaración expresa do solicitante deberán ser cubertos en todos os seus campos sen engadir, emendar, variar ou riscar o seu formato orixinal. En caso contrario, as solicitudes non serán admitidas a trámite.

A solicitude (anexos II e III, modelo normalizado IN619A) e a declaración expresa do solicitante (anexo IV), presentaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia acompañadas da documentación a que se fai referencia no artigo 6 das bases reguladoras.

No suposto de que o solicitante non dispoña do sistema de sinatura aceptado pola sede electrónica, admítase igualmente a presentación da solicitude e da declaración responsable

en formato papel unha vez cuberto o formulario en formato PDF dispoñible na sede, presentándoo asinado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, dirixido á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela); ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, BOE do 14 de xaneiro, para a presentación de instancias.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

#### Artigo 5. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a 6 meses.

#### Artigo 6. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN619A, poderase obter información adicional na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (<http://economiaeindustria.xunta.es>), na súa epígrafe de axudas e na oficina virtual.

b) Nos teléfonos 981 54 45 78 e 981 54 55 73 de servizos centrais.

c) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación*

Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2012

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria

#### ANEXO I

### **Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia**

#### Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. Estas bases teñen por obxecto regular e convocar axudas para o soterramento e/ou recuamento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

2. Os proxectos que se subvencionaren ao abeiro desta convocatoria deberán desenvolverse ao longo do ano 2012.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

#### Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Só se admitirá unha solicitude de axuda por concello e unha única actuación por solicitude, e non se acepta o agrupamento de varios proxectos diferentes nunha mesma solicitude.

Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades en que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Artigo 3. *Gastos subvencionables*

1. As axudas concedidas con cargo á presente orde destinaranse a financiar os gastos derivados do soterramento e/ou recuamento de infraestruturas eléctricas de alta e baixa tensión xa existentes, considerándose gastos subvencionables os relativos tanto á obra eléctrica como á obra civil.

O cumprimento do fin para o cal foi concedida a axuda considerarase acadado cando a actuación obxecto da subvención estea totalmente rematada, entendendo por isto a realización tanto da obra civil como das instalacións eléctricas.

2. Período de gasto subvencionable admitido: consideraranse subvencionables todos os gastos imputados desde o 1 de xaneiro de 2012.

3. En ningún caso serán gastos subvencionables os custos salariais propios e os gastos derivados de pagamento de permisos de paso ou expropiacións, así como os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

4. Poderase considerar subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable polo solicitante.

5. As actuacións que se realicen ao abeiro da presente orde encádranse dentro do eixo 4, tema prioritario 33, actuación 5, do Programa operativo de Galicia Feder 2007-2013.

6. Os gastos subvencionables ao abeiro da presente orde deberán axustarse ao disposto na Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión.

7. De acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos realizados os efectivamente pagados.

### Artigo 4. *Financiamento*

As axudas reguladas por esta orde teñen a natureza xurídica de subvencións.

A contía individualizada da subvención será dun 80% do importe considerado subvencionable correspondente á actuación obxecto da axuda.

En ningún caso a subvención concedida a un proxecto poderá superar o 25% do total da partida orzamentaria dispoñible, a non ser que o número de solicitudes non esgoten o orzamento existente.

#### Artigo 5. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

1. As axudas concedidas en virtude da presente orde serán compatibles con outras, calquera que sexa a súa natureza e a Administración ou entidade que as conceda, sempre que a suma de todas elas non supere o custo elixible do proxecto, e non se poden acoller a outras axudas procedentes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios, de acordo co disposto no artigo 34 do Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo.

2. O petionario deberá declarar as axudas que solicitase ou obtivese, tanto ao iniciarse o expediente administrativo como en calquera momento do procedemento en que isto se produza.

3. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

#### Artigo 6. *Solicitud e documentación*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión da subvención presentaranse na forma e prazo que se indique na convocatoria.

Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

1.1. Formularios normalizados de solicitud: anexo II e anexo III.

1.2. Documento acreditativo da capacidade con que actúa o representante do Concello solicitante.

1.3. NIF do Concello solicitante en vigor ou ben declaración de autorización de acceso do órgano xestor aos datos identificativos dispoñibles noutras administracións públicas, incluída no anexo IV da orde. Se o NIF que se presenta dispón de código electrónico de verificación coa AEAT, poderá presentar documento sen compulsar.

1.4. Certificación bancaria orixinal acreditativa da titularidade e identificación da conta, na que consten o ordinal bancario, o código de banco, o código de sucursal e o código de

conta corrente ou ben declaración responsable, incluída no anexo IV da orde, sobre a veracidade dos datos consignados relativos á devandita conta.

1.5. No caso de tratarse de soterramentos ou recuamentos de instalacións de distribución, acordo asinado polo concello coa empresa distribuidora para a execución da obra solicitada.

1.6. Certificado en que se consigne a cualificación urbanística dos terreos onde se van desenvolver as actuacións obxecto da solicitude.

1.7. Acordo do Pleno do Concello para acometer a actuación solicitada.

1.8. Memoria técnica e orzamento detallado da actuación.

1.9. Planos da actuación a escala axeitada.

1.10. Declaracións expresas recollidas no anexo IV.

2. A documentación presentada incluírá orixinais ou copias cotexadas.

3. En aplicación do disposto no artigo 51 da Lei 11/2011, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012, os concellos están exentos de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de non teren pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou de seren debedores por resolución de procedencia de reintegro.

#### Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axuda, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.



3. A aceptación da axuda supón a publicación na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

5. De conformidade co artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as solicitudes dos interesados irán acompañadas dos documentos e das informacións determinadas na norma ou convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estiveren en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na alínea f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

6. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento e, para eses efectos, procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; non entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación,

rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos de San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou mediante o procedemento habitual para o efecto e que poderá atopar na Guía do cidadán da páxina web da Xunta.

#### Artigo 8. *Órgano competente*

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e correspondente ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución da concesión.

#### Artigo 9. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6 b), e 60 da Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda ou subsanación poderanse facer mediante publicación no DOG, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Consellería de Economía e Industria ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, podéndose facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsellar, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web, pola notificación individualizada de conformidade o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

#### Artigo 10. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Industria, Enerxía e Minas.

b) Vogais: o subdirector xeral de Enerxía, os xefes territoriais da Consellería de Economía e Industria ou a persoa en quen deleguen e o xefe de servizo de Infraestruturas Enerxéticas ou funcionario que o substitúa, que actuará como secretario.

c) Poderá estar asistida polo persoal técnico que se considere necesario.

3. Na proposta de valoración que formule a comisión figurarán, de xeito individualizado, os solicitantes da subvención, especificándose a avaliación que lle corresponde a cada proxecto segundo criterios recollidos no artigo seguinte.

#### Artigo 11. *Criterios de valoración*

Os proxectos que se presenten serán técnica e economicamente viables; ademais o procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva, e establécense os seguintes criterios de concesión das subvencións:

1. Tipo de actuación:

Soterramento: 3 puntos.

Recuamento: 1 punto.

No caso de preverse ambas as dúas actuacións no mesmo proxecto, considerarase a actuación de máis puntuación.

2. Tensión nominal da infraestrutura que se vai modificar:

Máis de 30 kV: 3 puntos.

Ata 30 kV: 2 puntos.

3. Proximidade da liña que se vai substituír a centros de interese social (colexios, centros de saúde, hospitais...):

Distancia en proxección horizontal ata 50 m: 3 puntos.

De 50 a 100 m: 2 puntos.

Máis de 100 m: 1 punto.

4. Clasificación do solo recollida no artigo 10 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, favorecendo os distintos tipos de solo seguindo a orde seguinte:

Solo urbano: 3 puntos.

Solo de núcleo rural: 2 puntos.

Solo urbanizable e solo rústico: 1 punto.

No suposto de que a obra pase por zonas con solos de distinta clasificación, computarase aquel que dea máis puntuación.

5. Valoración en función do número de habitantes dos concellos solicitantes:

Máis de 50.000 habitantes: 3 puntos.

Ata 50.000 habitantes: 2 puntos.

6. Presentación da documentación da solicitude en lingua galega: 1 punto.

7. No caso de empates terán preferencia os proxectos presentados polos concellos de menor número de habitantes.

### Artigo 12. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire a epígrafe anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

### Artigo 13. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia e á vista da valoración de cada solicitude de axuda efectuada pola comisión constituída para o efecto, o órgano instructor formulará unha proposta de resolución que será elevada ao conselleiro.

2. Aquelas actuacións subvencionables que por mor da puntuación acadada non obteñan axuda quedarán en reserva e incorporaranse a unha lista de espera para seren atendidas ben co crédito que quedase libre, de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co posible incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

3. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo elixible da actividade que desenvolva o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable establecida nestas bases.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, que se contará a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

5. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da

indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

#### Artigo 14. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Poderase acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses que se contarán a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses que se contarán a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

### Artigo 16. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días hábiles desde a notificación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a súa condición de beneficiario conforme o disposto no art. 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A renuncia á subvención poderase facer de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xustificando motivadamente a causa da renuncia.

### Artigo 17. *Obrigas dos beneficiarios*

O beneficiario da subvención queda obrigado a:

- a) Executar o proxecto que fundamente a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determina na concesión e o goce da subvención. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) As infraestruturas subvencionadas deberán permanecer destinadas ao fin concreto para que se concedeu a subvención por un período non inferior a cinco anos, tal como recolle o artigo 31.4.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora legalmente establecido desde o momento do pagamento da subvención, segundo o establecido no artigo 21.3 da presente orde.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación explícita de execución de obra e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das

circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Os beneficiarios da axuda deberán facer referencia, na súa publicidade ou na información que xeren en relación aos proxectos subvencionados, ao cofinanciamento dos seus activos con fondos europeos Feder, cumprindo as medidas en materia de información e publicidade establecidas nas disposicións comunitarias de aplicación e, en especial no Plan de comunicación Feder Galicia 2007-2013 e na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013, a cal pode consultarse na páxina web <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/guia-intervencions-cofinanciadas-fe>.

En concreto, durante a execución das obras subvencionadas deberá estar visible un cartel informativo de acordo co disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Durante a execución dos proxectos cun custo total (en contribución pública total) superior a 500.000 €, o beneficiario colocará un cartel informativo no propio enclave da obra, de acordo co artigo 8.3 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, cartel que debe permanecer instalado durante todo o período de execución do proxecto. Unha vez finalizado, o cartel substituirase por unha placa explicativa permanente, nun prazo máximo de 6 meses.

Recoméndase que, se o custo total non supera os 500.000 €, se coloque un cartel informativo no propio enclave da obra, de acordo co sinalado no parágrafo anterior, especialmente se se superan os 100.000 €.

#### Artigo 18. *Subcontratación polos beneficiarios das actividades subvencionadas*

1. Permítese a subcontratación total ou parcial ata o 100% das actuacións, que está suxeita ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, sen prexuízo de que, no caso de que os concellos precisen da contratación externa de determinados traballos incluídos no proxecto subvencionado, debe observarse o disposto no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.



### Artigo 19. Xustificación da subvención

1. Para cobrar a subvención os concellos beneficiarios terán ata o 15 de novembro de 2012 para presentar, nos lugares sinalados no artigo 4 da convocatoria, a seguinte documentación:

1.1. Xustificación de ter realizado o investimento para o cal se concedeu a subvención mediante os documentos que se relacionan a seguir:

Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida.

Orixinal ou copia cotexada das facturas das actuacións realizadas, así como xustificante de pagamento destas mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo así como os xustificantes obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

1.2. Certificado da secretaría ou intervención do cumprimento da normativa de contratación pública (Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público) no cal se recolla que os gastos derivados da contratación da actuación subvencionada non se corresponden con proxectos modificados e/ou complementarios.

1.3. Certificado da secretaría ou intervención onde se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello solicitante.

1.4. Informe técnico en que se describa a realización total do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativas na súa execución, incluíndo a xustificación da necesidade ou non de avaliación ambiental dos proxectos de acordo coa normativa vixente.

De acordo co recollido no artigo 3.1 destas bases reguladoras, deben estar rematadas todas as actuacións necesarias para o fin do soterramento e/ou recuamento, tanto as correspondentes á obra civil como ás instalacións eléctricas.

1.5. Certificado en que se recolla o cumprimento da tramitación ambiental do proxecto ou xustificante de que este non procede, asinado por técnico municipal.

1.6. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, destinadas ao financiamento do mesmo

proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

1.7. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben das cales deberá presentarse copia cotexada (salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención), e que a elección entre elas se realizou de acordo con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

2. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen tela presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

3. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala, entenderase que renuncia á subvención.

4. Os beneficiarios deberán manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha «pista de auditoría» apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro da presente orde, e deben conservar a documentación xustificativa dos devanditos investimentos por un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo, de acordo co disposto nos artigos 60 e 90 do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo.

#### Artigo 20. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de procederen ao seu pagamento, efectuarán a comprobación explícita da execución da obra para verificaren o cumprimento da actividade subvencionada.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

3. Poderán realizarse pagamentos anticipados das subvencións reguladas por estas bases de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas. Estes pagamentos deberán ser solicitados polo beneficiario, se é o caso, logo da notificación ou publicación da resolución de concesión, e quedarán suxeitos ás seguintes condicións:

a) Poderase anticipar ata o 25% do importe da subvención concedida.

b) Os beneficiarios quedarán exonerados da constitución de garantía, conforme o establecido na letra c) do artigo 65.4º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### Artigo 21. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros por demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia.

3. Procederá a revogación da subvención, así como o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora legalmente establecido desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, no caso de incumprimento do requisito de permanencia das instalacións subvencionadas establecido no artigo 17.c) da presente orde, coa excepción establecida, nos artigos 31.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 22. *Control*

1. A consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas ao labor interventor e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### Artigo 23. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, o beneficiario, o crédito orzamentario, a contía e a finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

A aceptación da axuda supón a publicación na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión.

#### Artigo 24. *Remisión normativa*

Para todo o non disposto nestas bases, observarase o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Regulamento (CE) 1080/2006, no Regulamento (CE) 1083/2006 e no Regulamento (CE) 1828/2006, relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e o resto da normativa de aplicación.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>AXUDA PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NA                  COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN619A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>			
NOME DO CONCELLO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
E, na súa representación legal:			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA (en euros)</b>			
TIPO DE ACTUACIÓN E LUGAR DE REALIZACIÓN			
<input type="text"/>			
INVESTIMENTO 2012	<input type="text"/>	INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR	<input type="text"/>
AXUDA 2012	<input type="text"/>	AXUDA TOTAL SOLICITADA	<input type="text"/>


<b>INSERIR CONTACTO</b>		
NOME E APELIDOS	ENDEREZO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA	ELECTRÓNICA	PRESENCIAL
FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POR ANEXO II, ANEXO III E ANEXO IV (art. 6 das bases reguladoras) . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
NIF DO CONCELLO EN VIGOR . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
DOCUMENTO ACREDITATIVO DA CAPACIDADE CON QUE ACTÚA O REPRESENTANTE . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
ACORDO ENTRE CONCELLO E A EMPRESA DISTRIBUIDORA . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
ACORDO DO PLENO PARA ACOMETER A OBRA SOLICITADA . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
MEMORIA TÉCNICA E ORZAMENTO DESAGREGADO . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
PLANOS DA ACTUACIÓN A ESCALA AXEITADA . . . . .	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**  
 Presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente.  
 En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a Consellería Economía e Industria, edif. admntvo., San caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela, como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**  
 Orde do 1 de xuño de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria.

<b>SINATURA DO SOLICITANTE/ENTIDADE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</b>
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas  
 Edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4ª planta. 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

CVE-DOG: 4bmk7rt0-iqz6-wy39-gcq6-fpkmd4oi8v3



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

## ANEXO III


**2. DATOS BÁSICOS DO PROXECTO****2.1. IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO**

TIPO DE SITUACIÓN:	<input type="radio"/> Soterramento	<input type="radio"/> Recuamento		
TENSIÓN NOMINAL DA INFRAESTRUTURA (kV):	<input type="radio"/> Ata 30 kV	<input type="radio"/> > 30 kV	<input type="radio"/> Lonxitude total da actuación	<input type="text"/> m
DISTANCIA EN PROYECCIÓN HORIZONTAL:	<input type="radio"/> Ata 50 metros	<input type="radio"/> De 50 a 100 metros	<input type="radio"/> Máis de 100 metros	
CLASIFICACIÓN DO SOLO:	<input type="radio"/> Solo urbano	<input type="radio"/> Solo núcleo rural	<input type="radio"/> Solo urbanizable/Solo rústico	
Nº DE HABITANTES:	<input type="radio"/> Ata 50.000 habitantes	<input type="radio"/> Máis de 50.000 habitantes		

**2.2. LUGAR DE REALIZACIÓN**

## UBICACIÓN DO PROXECTO

<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**2.3. BREVE DESCRICIÓN DA MEMORIA DO PROXECTO**

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"xunha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

ANEXO IV

DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

D/D<sup>a</sup>  , con NIF nº   
no nome e representación de  e con NIF nº

**DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1) Que para a actuación denominada:

Non solicitou ningunha axuda.

Solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

Axudas	Organismo	Importe (euros)	% (sobre investimento total)	Disposición reguladora
Concedidas				
Solicitadas				

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2) Declaración do solicitante segundo a lexislación en materia de subvencións:  
O solicitante declara que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Si ten coñecemento do exposto anteriormente.

3) Declaración do solicitante autorizando o acceso do órgano xestor aos datos identificativos dispoñibles noutras AA.PP.  
O solicitante declara que coñece o seu dereito a non presentar o DNI e o NIF no caso de que autorice o órgano xestor para obter os datos identificativos (NIF, nome e apelidos ou razón social, e domicilio fiscal) da AEAT, de acordo co disposto nos artigos 6.2.b) e 9 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, polo que:

Si autoriza a obtención de datos identificativos da AEAT e non presenta DNI e NIF.

NON autoriza a obtención de datos da AEAT e presentará os ditos documentos ou identificará outros medios de acceso.

4) Declaración do solicitante da titularidade dunha conta bancaria.  
O solicitante declara a veracidade dos datos consignados a seguir correspondentes a unha conta bancaria de titularidade municipal:

NOME DA ENTIDADE  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

E para que así conste ante a Consellería de Economía e Industria, e responsabilizándose da veracidade e vixencia de todos os datos aquí recollidos, asinan esta declaración no lugar e data abaixo indicado.

,  de  de

(Sinatura)

